

INSTRUCCIÓN XERAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AXENTES DE IGUALDADE

- O desenvolvemento do proceso desenvolverase conforme ao establecido nas bases de selección publicadas o día 3 de setembro de 2021 (B.O.P núm. 168)
- As persoas aspirantes agardarán na entrada do lugar de celebración das probas á hora na que están convocadas, gardando en todo momento a distancia de seguridade entre as persoas.
- Non estará permitido o acceso de persoas acompañantes.
- Será obrigatorio o uso en todo momento de máscara.
- Cada persoa aspirante acreditará a súa identidade cun documento acreditativo oficial da mesma.
- Será obrigatoria a hixiene de mans con xel hidroalcohólico no momento do acceso ao interior do recinto.
- Os obxectos persoais de cada persoa serán os mínimos imprescindibles, e deberán permanecer baixo o asento da persoa durante todo o desenvolvemento das probas.
- Durante o desenvolvemento das probas, sobre as mesas só deberán estar o bolígrafo empregado e a proba.
- Para o desenvolvemento da proba utilizarase bolígrafo de tinta azul ou negra imborrable.
- Non está permitido o uso de lapis ou fitas corretoras.
- Está prohibido o uso de móbiles ou dispositivos de transmisión da información; estes aparellos deberán permanecer apagados dende a entrada no recinto ata a finalización da proba.
- Non está permitido o uso de aparellos electrónicos nos pavillóns auditivos agás xustificación médica suficientemente acreditada.